



Organiza



Patrocinan

CULTURA
Concello de Redondela



www.festivaltiteresredondela.es

#festivaltiteresredondela

MEMORIAL
JUANJO AMOEDO

19 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TÍTERES DE REDONDELA

14 ~ 20
maio 2018

~~~~~ CAMPAÑA ESCOLAR ~~~~

Luns, 14 de maio.....

10.30h e 12.00h. Auditorio de Chapela. "Barriga Verde" Viravolta Títeres (Galicia)

Martes, 15 de maio.....

10.30h e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Le Fumiste" Don Davel (Francia)

Mércores, 16 de maio.....

10.30h e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "A Galiña Azul" Tanxarina Títeres (Galicia)

Venres, 18 de maio.....

10.30h e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Vuela Pluma" Periferia Teatro (Murcia)

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~~~~

Mércores, 16 de maio.....

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Le Fumiste" Don Davel (Francia) +6

Xoves, 17 de maio.....

17.00h. Auditorio da Xunqueira. "A Galiña Azul" Tanxarina Títeres (Galicia) +4

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "The Parachute" Stephen Mottram (Reino Unido) +8

Venres, 18 de maio.....

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "El juego del tiempo" David Zuazola (Chile) +12

Sábado, 19 de maio.....

17.00h. Auditorio da Xunqueira. "Vuela Pluma" Periferia Teatro (Murcia) +4

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Poemes Visuals" Cía Jordi Bertrán (Cataluña) +8

Domingo, 20 de maio.....

17.00h. Auditorio da Xunqueira. "Pum Pum!" Baobab Teatro (Galicia) +4

21.00h. Auditorio da Xunqueira. "El Alma del Pueblo" Títeres Etcétera (Andalucía) +10

Prezos: Nen@s 4€ / Adult@s 6€. Apertura de billeteira dúas horas antes de cada función (Mércores, Sábado e Domingo ás 16,00h.) Aforamento limitado.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

XOVES 17 de maio. Especial día das Letras Galegas

12.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 14.00h. Galicia

12.00h. Casa da Torre. Acto Institucional

13.00h. Praza do Concello. "Barriga Verde" Viravolta Títeres. Galicia

13.45h. Soportais. The Turres Band (Música). Galicia

17.00h. Pista da Xunqueira. Casa dos Xogos (Espazo Lúdico) até as 20.30h. Galicia

17.30h. Campo da Petanca. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. Arxentina/Chile
Praza do Concello. "Mr. Barti" Alex Marionettes. Dinamarca

18.00h. Rúa Salgueiral. "Vacacións no mar" Mircromina Teatro. Galicia

Alameda. "Barriga Verde" Viravolta Títeres . Galicia

Praza da Constitución. Especial Letras Galegas. Homenaxe á Muller Galega.
Animación de rúa (Itinerante) até as 20.00h.

18.30h. Alfonso XII-Soportais."Carapuchiña vai de Festa" EducaTeatro (Itinerante).Galicia
Coa colaboración da Turres Band.

19.00h. Casa da Torre. "As que más molan" María Fumaça (Música).Galicia

19.30h. Praza do Concello. "Mr.Barti" Alex Marionettes. Dinamarca

20.00h. Soportais-Praza da Torre. "Carapuchiña vai de Festa" EducaTeatro (Itinerante). Galicia
Coa colaboración da Turres Band.

20.30h. Campo da Petanca. "Un botón en mi cabeza". Arriba las Hu! Manos. Arxentina/Chile

22.00h. Paseo da Xunqueira. The Turres Band (Música). Galicia

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

SÁBADO 19 de maio

13.00h. Praza do Concello. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. Arxentina/Chile

17.00h. Pista Xunqueira. "Los Amigos de Crusó" Toc de Fusta (Instalación) até 20.30h. Cataluña

17.30h. Campo da Petanca. "Cristóbal Purchilena" Alauda Teatro. Castela-León
Alfonso XII-Ribeira. Charanga O Santiaguiño (Música). Galicia

18.00h. Rúa Salgueiral. "Mr. Barti" Alex Marionettes. Dinamarca
Alfonso XII-Alameda. "EZ Dragonología" Projeto EZ (Itinerante). Portugal

18.30h. Soportais-Ribeira. "Draco" Troula (Itinerante). Galicia

19.00h. Casa da Torre. "Maleta: misión espacial secreta" Mutis Teatro. Castela-León
Alameda-Alfonso XII. Charanga O Santiaguiño (Música). Galicia

19.30h. Alameda. "Un botón en mi cabeza" Arriba las Hu! Manos. Arxentina/Chile 
Praza do Concello. "Body Rhapsody" Hugo Suárez. Perú

20.00h. Rúa Salgueiral. "Mr. Barti" Alex Marionettes. Dinamarca
Campo da Petanca. "Cristóbal Purchilena" Alauda Teatro. Castela-León

20.30h Ribeira-Alfonso XII. "Draco" Troula (Itinerante). Galicia
Casa da Torre-Ribeira "EZ Dragonología" Projeto EZ (Itinerante). Portugal

22.00h. Paseo da Xunqueira. Charanga O Santiaguiño (Música). Galicia

 Intérprete de Lingua de Signos

Exposición "Unha xanela aberta ao mundo dos Monicreques" Tanxarina Títeres.
Multiusos da Xunqueira, do 15 ao 20 de maio.
Encontro coa compañía o día 16 de maio ás 20.00h.

~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~~

DOMINGO 20 de maio

11.45h. Saída do Peirao de Cesantes. Ruada "10.000 leguas de viaxe pola vila".

Unha ruada onde grandes e pequenos poden participar de maneira activa. Este ano o protagonista será un submarino. Convidámosvos a vir disfrazados de choco/a ou de calquera animal mariño e nadaremos pola vila na busca de tesouros. Coa colaboración de Projeto EZ, The Turres e Escuadra 17.

12.00h. Pista Xunqueira. "Los Amigos de Crusó" Toc de Fusta (Instalación) até 14.00h. Cataluña

12.30h. Praza do Concello. "Cristóbal Purchilena" Alauda Teatro. Castela-León

13.45h. Soportais. The Turres Band (Música). Galicia

17.00h. Pista Xunqueira. "Los Amigos de Crusó" Toc de Fusta (Instalación) até 20:30h. Cataluña

17.30h. Campo da Petanca. "Body Rhapsody" Hugo Suárez. Perú
Rúa Salgueiral. "Mr. Barti" Alex Marionettes. Dinamarca
Alameda. "Ghop!" Teatro Ó Cubo (Teatro-Circo). Galicia

18.00h. Soportais-Ribeira. "Draco" Troula (Itinerante). Galicia
Paseo da Xunqueira-Alameda. Charanga TnT (Música). Galicia

18.30h. Alfonso XII-Ribeira "EZ SUB" Projeto EZ (Itinerante). Portugal

19.00h. Casa da Torre. "Maleta: misión espacial secreta" Mutis Teatro. Castela-León
Praza do Concello. "Cristóbal Purchilena" Alauda Teatro. Castela-León

19.30h. Alameda. "Ghop!". Teatro Ó Cubo (Teatro-Circo). Galicia
Rúa Salgueiral. "Mr. Barti" Alex Marionettes. Dinamarca

20.00h. Campo da Petanca. "Body Rhapsody" Hugo Suárez. Perú
Ribeira-Alfonso XII. "Draco" Troula (Itinerante). Galicia
Plaza da Torre. Charanga TnT (Música). Galicia

20.30h. Ribeira-Alfonso XII. "EZ SUB" Projeto EZ (Itinerante). Portugal

22.00h. Paseo da Xunqueira. Charanga TnT (Música). Galicia



Viravolta Títeres (Galicia)

En 1982, Anxo García, Pilar Álvarez e Xulio Balado forman a compañía Viravolta Títeres, sendo hoxe unha das compañías galegas históricas e más activas do panorama.



"Barriga Verde" (Títeres de luva)

Recollemos cinco situacions nas que Barriga Verde será o protagonista en compañía da súa cachiporra. Preséntase coma unha homenaxe ao Barriga Verde que a familia Silvent representou por Galicia na primeira metade do século XX.

Luns 14 ás 10.30h. e 12.00h. Chapela (escolares)

Xoves 17 ás 13.00h. Praza do Concello

18.00h. Alameda



Don Davel (Francia)

Don Davel, malabarista viaxeiro, é un apaixoador do circo, a maxia, o teatro de obxectos e a escena en xeral. A mestura destas artes dálle unha personalidade especial. A súa curiosidade inesgotable levouno a presentar os seus espectáculos en Xapón, China, Líbano, Marrocos, Puerto Rico, Arxentina, Alemaña, Italia, Francia, España, Portugal...



"Le Fumiste" (Actor e animación de obxectos)
Le Fumiste é unha historia que se relata a través do teatro de obxectos, monicreques, maxia e técnicas circenses. Propón unha viaxe a través da memoria, a maxia, o humor e a poesía. Os recordos simbolízanse co fume. Pero cando se intentan atrapar, esvaecen.

Martes 15 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)

Mércores 16 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)



Tanxarina Títeres (Galicia)

A compañía Tanxarina Títeres foi fundada no ano 1983 por varios ex-alumnos de Harry Tozer. Dende aquela convertérónse nunha das formacións máis recoñecidas e prestixiosas do teatro galego de monicreques, tanto dentro como fóra de Galicia.

"A Gallina Azul" (Actor e títeres de mesa)

Lourenzo ten unha gallina azul con cinco plumas vermellas na á dereita. Unha gallina moi bonita e moi estraña que... pon ovos de cores! Ademais, non di "caracacá" como as outras gallinas, senón que di "corococó". Isto ten preocupadas ás autoridades.

A Gallina Azul é un espectáculo que fala da diversidade e da solidariedade.

Premio María Casares 2018 ao Mellor Espectáculo Infantil
Premio FETEN 2018 ao Mellor Espectáculo de Títeres

Mércores 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)
Xoves 17 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)



Periferia Teatro (Murcia)

Periferia Teatro dedícase dende o ano 1989 á investigación e ao coñecemento do Teatro de Títeres. Nunha constante investigación teatral para ofrecerlle ao público funcións na que se sintan identificados e converter ao espectador en parte activa da función.


"Vuela Pluma" (Actrices e varias técnicas)

Vuela Pluma cíntanos a historia dun paxaro que vivía "feliz" na súa gaiola, até que un día tivo un sono... a gaiola abriuse e a ilusión por fin moveu as súas ás.

Vuela Pluma é un conto sobre a liberdade e o respecto á verdadeira natureza dos seres vivos.

Premio TITIRUAI 2015 ao Mellor Espectáculo. FIM Tolosa


Venres 18 ás 10.30h. e 12.00h. Redondela (escolares)
Sábado 19 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)





Stephem Mottram (Reino Unido)

Stephen Mottram é un dos marionetistas máis innovadores e afamados internacionalmente, xa que, con 40 anos de oficio, leva un sinfín de producións e traballos nos que desenvolve unha linguaxe teatral propia que explora a relación entre música, movemento e imaxe.



"The Parachute" (Variñas e novas tendencias)
The Parachute é unha historia divertida e hipnótica sobre a mocidade, o amor e a vellez. O titiriteiro compón os seus personaxes e xoga coa forma na que os nosos cerebros dan sentido ás cousas que ven e nos leva a un mundo de movemento.

Xoves 17 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)



David Zuazola (Chile)


David Zuazola (Santiago de Chile) mudiase a Barcelona, onde pasa a integrar a Compañía de Jordi Bertrán mentres cursa os seus estudos de Interpretación. Posteriormente trasládase a Madrid e comeza a indagar en sistemas do movemento e mecanismos aplicados ao teatro de títeres.

"El Juego del Tiempo" (Actor e varias técnicas)
É unha soa obra, composta por 7 historias de 7 minutos cada unha, dirixidas por 7 directores de 7 países distintos, pero son máis que 7 historias separadas.

O público pouco a pouco irá descubrindo que todo é parte dunha significativa, dura e profunda historia.

Premios Festival Lalka Też Człowiek de Varsovia 2017

Venres 18 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+12 anos)





Cía Jordi Bertran (Cataluña)

Jordi Bertran é recoñecido como un dos grandes especialistas na manipulación de monicreques e obxectos a título internacional. A súa compañía, de gran prestixio, móstranos neste espectáculo un elenco de personaxes caracterizados porletras.

"Poemes Visuals" (Actor e varias técnicas)

Poemes Visuals é un espectáculo cargado de tenrura, que enche cada recuncho da escena dun virtuosismo inusual, froito de longos anos de traballo. No escenario cobran vida un conxunto de letras construídas con extrema sinxeleza.

O espectáculo está inspirado na maxia dos poemas visuais do poeta catalán Joan Brossa.

Sábado 19 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+8 anos)



Baobab Teatro (Galicia)

Baobab Teatro é unha compañía especializada en teatro para nenos e nenas que nace no 2011 da man de Andrea Bayer e Óscar Ferreira, coa filosofía de crear espectáculos de máxima calidade, apostando por unha forte poética e promover a lingua galega.

"Pum Pum!" (Actor/actriz e varias técnicas)

Marieta é unha nena coma calquera de 5 anos. Ela está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias, historias que teñen música e cantan cando Marieta quere. Pero Marieta ten unha porta que garda un segredo.

Pum Pum! é un espectáculo tenro que fala de historias cotiás que lles pasan aos nenos e nenas destas idades.

Nomeado Premios María Casares 2018

Domingo 20 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)





Títeres Etcétera (Andalucía)

Compañía fundada en 1981 en Granada por Enrique Lanz. O seu traballo poderíase identificar pola escenificación de obras musicais con monicreques. A excelencia e versatilidade do seu traballo converteuna nun referente do teatro contemporáneo español. A súa obra recibiu o Premio Nacional de Teatro para a Infancia.



"El Alma del pueblo" (Actriz e varias técnicas)

Trátase dunha experiencia teatral a medio camiño entre a conferencia, o cine documental e o espectáculo de monicreques.

Moitas tradicións de monicreques chegaron aos nosos días con varios séculos de historia. Sen embargo, no século XXI os cambios sociais lévannos a pensar que moitas destas desaparecerán. Nesta conferencia, monicreques hiperrealistas combínanse cunha actriz en directo, monicreques de tradicións milenarias e numerosos vídeos.

Domingo 20 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+10 anos)



María Fumaça (Galicia)

"As que más molan" (Espectáculo musical)
Estamos de festa, cumplimos cinco anos de viaxe enchendo vagóns de amizade e de ledicia. O noso maquinista Rui e toda a familia María Fumaça queremos celebralo reunindo un feixe de éxitos e dúas novas cancións.

Acompañados da voz de Uxía, da guitarra e cavaquiño de Sérgio Tannus, do acordeón de Santi Cribreiro, da voz e a guitarra de Magín Blanco, do contrabaixo de Antonio Castillo, das voces de Chus e Ana, a gaita de Raquel e tantas amigas e amigos que nos acompañan, coma vós, xunto a Rui, o mellor maquinista que poidamos ter. Contaxiando ledicia!!!



Xoves 17 ás 19.00h. Casa da Torre



Alex Marionettes (Dinamarca)

Alex Mihailovski é o deseñador e manipulador de Mr. Barti, monicreque cun sistema complexo de construcción coa que se mantén en continua busca, desenvolvemento e estudo na perfección de movementos. As máis de 40 cordas de Mr.Barti permitenlle mover o seu corpo e expresar sentimientos dunha maneira única.

"Mr. Barti" (Fío)

Espectáculo sen texto baseada no mimo e a música.

Mr.Barti comeza sendo un pianista clásico, pero cedo transformase nunha estrela de rock. Despois mostra a súa paixón polo flamenco coa súa guitarra, canta baladas, namórarse dunha espectadora... e moitas más sorpresas. O resultado é sinxelamente asombroso: media hora para non deixar de rir.

Xoves 17 ás 17.30h. e 19.30h. Praza do Concello
Sábado 19 ás 18.00h. e 20.00h. Rúa Salgueiral
Domingo 20 ás 17.30h. e 19.30h. Rúa Salgueiral



Arriba las Hu! Manos (Arxentina/Chile)

Arriba las Hu! Manos son Laura Mac Laughlin, de Arxentina, e Enrique Crohare, de Chile. A compañía crea integralmente as súas obras, buscando comunicar poética e dramaticamente as súas inquietudes cun público heteroxéneo.

"Un botón en mi cabeza" (Títeres de luva)

Clott ten un botón na súa cabeza que lle fai sentir diferente aos demais. Sendo un bebé, unha misteriosa Man Verde partiu a súa cabeza en dous e para unila, as Mans Titiriteiras coséronlle un gran botón vermello. A Man Verde fará o imposible para tentar a Clott a que se desabotoe... Lograrao?

Xoves 17 ás 17.30h. e 20.30h. Campo da Petanca
Sábado 19 ás 13.00h. Praza do Concello
á 19.30h. Alameda





A Casa dos Xogos (Instalación lúdica)

Esta ludoteca ambulante presenta como un grande espacio lúdico repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais.

Xoves 17 de 12.00h. a 14.00h. Pista da Xunqueira
de 17.00h. a 20.30h. Pista da Xunqueira



Projeto EZ (Portugal)

EZ é un proxecto que desafía a audacia das ideas e fusiona o deseño escenográfico co teatro. Ofrece un proxecto de animación itinerante e distinguese por ter en escena diferentes vehículos, creados e construídos polo autodidacta e creador do proxecto, João Pinto.

"Ez Dragonología" (Itinerante)

Chegado do mundo da fantasía, Tiro é un dragón inofensivo pero moi especial. Con 3 metros de longo e ainda en crecemento, só quere xogar e pasear polas rúas co seu dono: Liro. Atréveste a entrar nas súas aventuras?

Sábado 19 ás 18.00h. Alfonso XII-Alameda
á 20.30h. Casa da Torre-Ribeira

"Ez Sub" (Itinerante)

Nun escenario urbano, un estranho submarino navega desorientado. Unha máquina escénica de gran formato, capaz de transportar ao público a unha nova realidade.

Domingo 20 ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira
á 20.30h. Ribeira-Alfonso XII






Mutis Teatro (Castela-León)

Teatro Mutis leva máis de 25 anos realizando espectáculos para todos os públicos buscando a diversión, a comunicación directa co público e a máxima vitalidade a través da emoción, a reflexión e a festa.

"Maleta: misión espacial secreta"

Actor, corpóreos e monicreques

Todos os planetas, satélites, asteroides e estacións espaciais da nosa galaxia están habitados, e todas as súas xentes viven en paz... Un mozo terrícola embárcase de incógnito na nave "Sesta Interestelar". Ten un plan para salvar aos habitantes do satélite mineiro Briefa.



Sábado 19 ás 19.00h. Casa da Torre
Domingo 20 ás 19.00h. Casa da Torre



Alauda Teatro (Castela León)

A compañía xorde por iniciativa de Rafael Benito, licenciado pola Escola de Arte Dramático de Madrid en 1984. Dende 1997 comeza a investigar e utilizar monicreques, sendo na actualidade, o títere, un elemento asiduo nas súas propostas.

Cristóbal Purchinela (Títeres de Luva)

Cristóbal Purchinela enfróntase con moita ironía e humor aos poderosos, os pantasmas cotiás que nos axexan e intimidan e aos enigmas que nos atrapan. Todo isto ao ritmo da música en directo do violoncello, o órgano de manivela e o propio retabilllo.

Sábado 19 ás 17.30h. e 20.00h. Campo da Petanca
Domingo 20 ás 12.30h. e 19.00h. Praza do Concello






Hugo Suárez (Perú)

A compañía foi fundada por Hugo Suárez e Inés Pasic en 1986, históricos dentro do mundo dos títeres latinoamericanos. Especialízanse sobre as posibilidades expresivas de cada parte do corpo: pé, xeonllo, ventre, rostro etc., conformando bonecos de carne e óso.



"**Body Rhapsody**" (Composicións corporais)
É un desfile pintoresco de divertidos personaxes que, nos breves momentos da súa existencia sobre a escena, pretenden atrapar aqueles pequenos momentos poéticos que se atopan agochados na vida cotiá.

Sábado 19 ás 19.30h. Praza do Concello
Domingo 20 ás 17.30h. e 20.00h. Campo da Petanca



Troula Animación (Galicia)

No 2002 comeza a andaina de Troula, baseada na animación infantil e na animación de rúa. Durante todos estes anos creamos actividades de animación, espectáculos, pasarrúas... todo co nexo común de animar, sorprender e ilusionar.

"Draco" (Teatro Itinerante)

O caos chega á vila da man de "Draco". Dous dragóns elaborados con material reciclado, con movementos robóticos e tracción a sangue, guiados por un terceiro personaxe, todo cunha estética apocalíptica, futurista e ciberpunk.

Sábado 19 ás 18.30h. Soportais-Ribeira
á 20.30h. Ribeira-Alfonso XII
Domingo 20 ás 18.00h. Soportais-Ribeira
á 20.00h. Ribeira-Alfonso XII





Teatro Ó Cubo (Galicia)

Teatro Ó Cubo xorde en 2016 a partir das forzas creativas de tres artistas: Sofía Espiñeira, Roberto Casal Mouríño e Fredi Muíño. Co teatro actoral como eixo común pasando pola danza, o circo, os títeres e a música, estes tres artistas conforman unha compañía multidisciplinar.

"Ghop!" (Teatro e circo)

Ghop! é un berro cheo de enerxía e ímpeto para un espectáculo coa estética clásica dos circos ambulantes que percorrían antigamente as prazas das vilas e aldeas.

Malabares, monicreques, acrobacias e pinceladas de maxia, un show de variedades que esta compañía itinerante ofrece a un público desexoso de participar.

Domingo 20 ás 17.30h. e 19.30h. Alameda



Toc de Fusta (Cataluña)

Toc de Fusta son Sandra e Nuria e dedicámonos á difusión e promoción de instalacións interactivas que retan e emocionan a públicos de todas as idades.

"Los amigos de Crusó" (Instalación)

Instalación interactiva de rúa construída artesanalmente na súa carpintería. Os amigos de Crusó é unha colección de 21 espazos formada por autómatas de gran formato que movente as súas ás por riba do público, autómatas de dúas caras que se moventen cando alguén xoga ao outro lado. Un espazo especial para nenos e nenas de 2 a 5 anos.

Sábado 19 de 17.00h. a 20.30h. Pista da Xunqueira
Domingo 20 de 12.00h. a 14.00h. Pista da Xunqueira
de 17.00h. a 20.30h. Pista da Xunqueira






Educateatro Producións (Galicia)

EducaTeatro Producións é unha compañía dedicada á producción e distribución de espectáculos infantís creada a finais de 2013. A música, a lingua e a diversión son os piares fundamentais dos nosos traballos.

"Carapuchiña vai de festa" (Itinerante)

"Carapuchiña vai de festa" é unha proposta do Festival que nace da mestura de dous das compañías más prestixiosas do panorama pontevedrés: Educateatro e The Turre's Band. É unha ruada onde personaxes e música daranse a man para que participes, convidarante a bailare e a troulear nesta festa.

Xoves 17 ás 18.30h. Alfonso XII-Soportais
ás 20.00h. Soportais-Praza da Torre



Mircromina Teatro de Títeres (Galicia)

Mircromina deu os seus primeiros pasos como compañía da man do gran titiriteiro Arturo Peréz. Entre os anos 2005 e 2010 nace o espectáculo "Vacaciones en el Mar", que xa leva máis de 200 funcións. Un espectáculo de títeres de luva, no que se mestura a cachiporras cos caracteres e acontecementos renovados.

"Vacacións no Mar" (Títeres de luva)

A Marina encántalle viaxar polo mundo adiante. Un día, Moncho chega ao porto no seu veleiro "Ovos con patacas". Pero nun descoido o pirata Olló Virollo tómalle prestada a nave e faise ao mar.

Xoves 17 ás 18.00h. Rúa Salgueiral





The Turre's Band (Música)

The Turre's Band é un grupo galego nado na primavera de 2001 en Torroso (Mos). Cunha formación composta por ventos e percusións, The Turre's Band propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega.

Xoves 17 ás 13.45h. Soportais
ás 22.00h. Paseo da Xunqueira
Domingo 20 ás 13.45h. Soportais



Charanga O Santiaguiño (Música)

A Charanga O Santiaguiño de Padrón é un grupo de animación formado por 10 músicos entre saxos, trompetas, trombón e percusionistas que levan más de 10 anos actuando. "Para nos ir a unha festa e ver como a xente disfruta, e nós con eles, é o máis grande premio".

Sábado 19 ás 17.30h. Alfonso XII-Ribeira
ás 19.00h. Alameda-Alfonso XII
ás 22.00h. Paseo da Xunqueira



Charanga TNT (Música)

Como todas as historias do mundo, a historia da TNT comeza cun sentimento, cun proxecto dun grupo de amigos, nados na atmosfera das Bandas de Música, dos concellos de Teo e A Estrada.

Domingo 20 ás 18.00h. Paseo da Xunqueira-Alameda
ás 20.00h. Praza da Torre
ás 22.00h. Paseo da Xunqueira



Ruada "10.000 leguas de viaxe pola vila"

Un ano máis, Xente Titiriteira propón unha ruada, un paseo, unha experiencia. Compartir un percorrido onde grandes e pequenos poidan participar de maneira activa e coñecer parte da nosa historia. Unha homenaxe á enseada de San Simón, á Batalla de Rande e ao choco, tres piáres da nosa identidade como redondeláns. Este ano o protagonista será un submarino e o público será o mar que o envolve.

Convidámossos a vir disfrazado de calquera animal mariño, pero especialmente de choco ou choca, e nadaremos pola vila na busca de tesouros.

Unha aventura para contarla aos nosos fillos e fillas a nosa propia historia.

Domingo 20 ás 11.45 h. Saída: Peirao de Cesantes

Percorrido : Peirao, Escolas, Ribeira, Concello.


Coa colaboración de Projeto EZ, The Turres e Escuadra 17.

Homenaxe á Muller Galega

Especial Letras Galegas (Animación de rúa)

De forma lúdica e festiva, a Asemblea Feminista Paxaretas e a Asociación Xente Titiriteira renderán homenaxe ás mulleres galegas que foron esquecidas na súa contribución histórica. Da man de Ernestina Otero, o público asistente realizará un percorrido pola rúa principal de Redondela descubrindo ás diferentes mulleres que xogaron un papel fundamental na historia da nosa terra.

Xoves 17 de 18.00h. a 20.00h. Praza da Constitución



Exposición. Tanxarina Títeres

"Unhaxanela aberta ao mundo dos Monicreques"
Para celebrar os 35 anos de actividade da Compañía TANXARINA quixemos achegar ao público con esta exposición unha mostra do noso traballo ao longo destes anos. Marionetas de fio, monicreques de luva, de vara, sombras e marotes construídos en madeira, cartón pedra, escuma e outros materiais formaron parte do noso repertorio para entender de preto a nosa actividade titiriteira.

Multiusos da Xunqueira, do 15 ao 20 de maio
Encontro coa compañía o Mércores 16 ás 20.00h.



Títeres pola gorra

É a sección do festival que abre as portas a diversas compañías que, sen estar na programación oficial, non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo, no marco incomparable que é este Festival Internacional de Títeres.

Son agrupacións que recuperan a tradición do fantocheiro itinerante que vai de vila en vila traballando pola gorra.

Convidámossos a participar e gozar desta tradición, descubrindo estas compañías e os seus chapeus polas prazas da vila. Rogamos ás compañías que queiran participar pasen polo Multiúso da Xunqueira o mesmo día da actuación para concretar espazo e recoller o cartaz de títeres pola gorra.